

EDITORIAL

Cada vez atopa un a máis xente de visita nos museos. É una evidencia constatable que as salas desertas daqueles cemiterios da Historia reciben agora a un crecente número de poboación supostamente interesada. ¿Cambiou a xente?; ¿cambiou o museo? Cambiaron as dúas cousas.

O museo.

Si, dunha banda cambiou o museo, porque a mesma Historia que pretende reflectir ampliou os seus *obxectos* —os documentos— e os seus *obxectivos*. Primeiro, debido ó proceso de común democratización en que xa está sumido Occidente, que conleva apreciar no pasado non ós individuos polas grandes accións que nos quixeron contar, senon ó conxunto das persoas á luz —máis ou menos difusa— do que sobre eles podemos averiguar, se é posible, estudiando os obxectos. En segundo lugar, porque o mesmo sentido da palabra *documento* cambiou, de maneira que calquera cousa, —escultura, texto, ferramenta, trebello, “chisme”, etc., etc.—, pode ser peza para a construción do relato histórico, é dicir, peza de museo, se se lle dá o tratamento axeitado.

Ó final, a Historia que lemos non é senon o relato construído sobre un conxunto de obxectos —incluídos outros relatos— que analizamos con maior ou menor fortuna. O material de estudio é o amplo repertorio deses documentos, aínda que logo nos disculpamos colocando xunto a eles ós nosos conxéneres de carne e óso —os obxectivos— que, a dicir verdade, o son de papel e tinta: o que foron, ou sexa, a súa corporeidade, a súa vida, os seus feitos, a súa historia ó cabo, levárona á tumba.

Pois ben: ¿que pinta aquí o museo? Coma o tempo da historia monumental xa pasou, agora máis que nunca —velaí o paradoxo— o museo amosa, ensina, expón os obxectos para que o visitante poida construí-lo seu propio relato histórico, sexa breve, longo, minucioso, tosco, profundo ou baladí. Canta máis claridade expositiva presente o museo, máis posibilidades ten o “cliente”, razonando de maneira eficaz —que non opinando—, de crear a súa propia imaxe do pasado —nunca revivir ou reconstruí-lo pretérito: non nos, nin os, enganemos—. Afirmemos categóricamente, eso sí, que se trata dun exercicio intelectual salvable e quizais verosímil o seu resultado, se se fai con destreza, aínda que nunca poderemos comprobalo.

Pero, ¿inflúe só o museo nese proceso?

Non, claro: son decisivos os visitantes.

Os visitantes.

Son decisivos, e non tanto pola súa cantidade, senon e sobre todo polas súas cualidades. Cada vez son máis, diciamos ó principio. ¿Cada vez mellores? O antigo museo somentes recibía a catro eruditos, e agora calquera pequeno museo coma o noso recibe a milleiros de persoas de todo tipo e condición. É evidente que a calidade das narracións históricas ten que ter descendido, pero é evidente tamén que o número deses relatos medrou desde cero a miles.

Sería conveniente preguntarse porqué o interese polos museos —¿equivalente ó interese polo pasado?— se disparou tanto. ¿É pola posibilidade de construír un relato propio? ¿Aprécianse os obxectos polo seu obxectivo historiográfico, ou polo seu propio ser e polo seu valor? ¿Búscase no museo o cadro marabilloso —porque o di un libro— ou o ouro resplandecente —porque a peza vale moito—, ou búscase a humilde fusaiola da vitrina do fondo, evidencia palpable do tosco fiado artesanal? ¿Búscase empregar en algo ben visto socialmente o tempo de lecer?.

Busque cada un o que lle pete; relate cada un á súa maneira. Interpretétese como positivo ou como negativo que así suceda: ó fin e ó cabo «*todo tiene su lado bueno y su lado malo, especialmente el lenguado*», como dicía Julio Camba.

No presente ano 1996, cúmprense o centenario, por un lado, da morte de Manuel Becerra y Bermúdez e, por outro, do nacemento de Xosé Crecente Vega, dous grandes chairegos, ambos de Sta. María de Outeiro, no Concello de Castro de Rei ó que tamén pertence o Castro de Viladonga. O Boletín *Croa*, aínda que maiormente vencellado á temática arqueolóxico-histórica, amáis de etnográfica e artística, agradece e acolle con moito pracer e coa seguridade do seu interese, dúas colaboracións sobre aqueles egrexios homes: unha, de Ricardo Pérez y Verdes, cun tema de historia contemporánea, e outra, de Félix Villares Mouteira, de fondo literario. *Croa* quere lembrar así a aqueles dous persoeiros da Terra Chá, coa intención de lles render, cen anos despois, unha merecida homenaxe.